Mulleres que transforman realidades

DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

8 de marzo

A Coruña | 2018

No pasado ano 2017, con motivo da conmemoración do Día Internacional das Mulleres, o Concello da Coruña decidíu incluír o 8 de marzo entre os días de festa local, convidando a toda a cidadanía a vivir ese día dende unha dimensión lúdica, pero sen esquecer a súa parte reivindicativa. Esta última ten este ano máis forza que nunca, coa convocatoria de Folga Xeral Feminista lanzada polo movemento feminista: unha folga que demanda melloras no ámbito do traballo asalariado e a reducción da fenda salarial; pero que tamén pon o foco na reivindicación colectiva da importancia dos coidados, esenciais para a sostenibilidade da vida.

Dende aí xurde este convite; un programa de actividades transversais que se expanden ao longo de todo o mes de marzo, dende o que recoñecer a importancia das achegas das mulleres a nosa sociedade, visibilizando a relación da muller e do mar. Porque sen o traballo das mulleres, párase o mundo.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

MARTES 6

Centro Ágora – 19:30h.
Inauguración da exposición "Muller tiña que ser!", centrada nas contribucións das mulleres á ciencia, e do Centro de Interese en Xénero e Feminismos. Accións enmarcadas dentro do proxecto "Xénero e Feminismos nas Bibliotecas Municipais da Coruña". Acto conducido por Estíbaliz Espinosa e amenizado polo grupo de jazz "Jazzup"

XOVES 8

Explanada do Parrote – 10:00h. Duración: 90 min.
Roteiro "O camiño das Lobas Mariñas"
Dende o Parrote á Fábrica de Tabacos seguiremos as pegadas invisibles das mulleres na construcción da cidade, escoitando, ulindo e saboreando as historias das súas vidas: pescantinas, redeiras, comerciantas de ultramar, mariscadoras...
Roteiro accesible para persoas con mobilidade reducida e persoas xordas

Rocódromo de Riazor – 11:30 a 13:30h.
Xornada de portas abertas, organizada por AMI. Ven e trae a escalar a unha amiga, a túa nai, a unha veciña ou a túa compañeira de traballo
Aforo limitado. Recolle as túas entradas en Cume Norte (Panadeiras, 9)

Praza da Fábrica de Tabacos – 12:00h. Duración: 45 min.
"A revolución a través do corpo: Danzando a sororidade"
A idea central desta actividade reside no concepto de autocoidado. A través da música e do movemento corporal, dende o afecto e as alianzas entre mulleres, conectaremos co pracer de sentirnos, de expresar, de danzar e de compartir

Praza da Fábrica de Tabacos – 13:00h.
Lectura do Manifesto 8M 2018 – Movemento Feminista Unitario da Coruña

Praza da Fábrica de Tabacos – 13:30h.
Actuación do grupo "As Antonias", boleros, tangos e moito humor

XOVES 8, VENRES 9

Teatro Rosalía de Castro – 20:30h.
Ciclo Principal – "El lunar de Lady Chatterley", de Roberto Santiago.
Un espectáculo que fala sobre a condición feminina; sobre as loitas das mulleres ao longo dos séculos: a independencia, a emancipación e a necesidade de tomar as súas propias decisións

SÁBADO 10

Praza do Papagaio, Centro Municipal de Empresas – 11:00h.
Xornada "Talento Sen Teitos: experiencias emprendedoras que avanzan en igualdade"
Dende a Concellería de Economía Social e Emprego convidan a esta xornada de reflexión sobre a situación de desigualdade de xénero no emprego e na empresa, visiblizando o emprendemento feminino e divulgando medidas e recomendacións para a implantación da igualdade de oportunidades nos centros de traballo e empresas

Teatro Rosalía de Castro – 20:30h.
Ciclo Principal – "María Zambrano La Palabra Danzante", de Cristina D. Silveira.
Karlik danza teatro, no seu 25 aniversario, rinde homenaxe a María Zambrano, como muller, pensadora, creadora a través da palabra danzante, da imaxe, a metáfora e o símbolo, dende o pensamento poético, o desenvolvemento do humano esencial, a transculturalidade e a universalidade

MARTES 13

Presentación e publicación dixital do Terceiro Informe do Observatorio Municipal de Igualdade e Diversidade – "A Coruña en cifras: Mulleres e homes na cidade 2018"

XOVES 15

Lonxa da Coruña – 6:00h. Duración: 150 min.
"Visita e conversas con mulleres que transforman realidades na Lonxa da Coruña"
Na Lonxa conviven os saberes e os traballos históricos das peixeiras, con outros nos que as mulleres aínda son minoría, como o caso das subastadoras ou as armadoras. Tras amosarnos dende dentro o espectáculo da poxa, compartiremos o comezo da súa xornada de traballo, conversando sobre os logros e os retos das mulleres de mar.
Aforo limitado, é precisa inscrición previa. 25 persoas.
Actividade accesible para persoas con mobilidade reducida e persoas xordas.

SÁBADO 17

Forum Metropolitano – 21:00h.
Frida, de Iris Teatro.
Ela, a personaxe, é Frida Kahlo. Vive nunha fantasía, unha festa na que nos converte nos seus convidados. Como amizades, entréganos unha vida que, a pesar de ser tan dolorosa, ela converte nun salvaxe canto de vida.

LUNS 19

Espazo Municipal das Diversidades Sexuais e Identidades de Xénero – 19:00h.
Videoforum Outras Miradas – "Raras"